

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Eduardo Blanco Amor, a Luís Seoane do 16/11/1971

Colección:

Data: 16/11/1971

De:

Eduardo Blanco Amor;

Para:

Luís Seoane;

Orix:

Ourense (municipal), Ourense (comarcal), Ourense (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita co membrete:] EDUARDO BLANCO-AMOR.

Transcrición da epistola de Eduardo Blanco Amor, a Luís Seoane do 16/11/1971

Ourense, 16-XI-1971

Querido Luis:

Eí che vai o retrato, ogallá che sirva e moitas gracias adiantadas polo que poidas facer. Si pensas nomear a novela do “premio” que aínda está na censura –o título e Xente o lonxe.¹ Será a mais longa saída até o presente en lingua galega: 300 paxinas. (Iste é un dos “incomentes” segredos que lle atopa a censura: “demasiado importante...Si aflojamos la mano, pronto tendremos otra Cataluña”) Palabras literales dun mandamais a quen lle falaren prá que interviñese.

En fin, xa falaremos; teño esperanza de que nos vexamos en Madrid. Até logo, pois.

Eduardo

Teléfono de Madrid: 234-68-36. Sres Muncio

O título correcto é Xente ao lonxe

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.